

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA E. PRIMARIA

BLOQUE: IMAXE E PERCEPCIÓN CORPORAL

UNIDADE: **PERCEPCIÓN ESPACIAL**

TEMPORALIZACIÓN: **1-3ª semana de outubro**

MATERIAL E INSTALACIÓNS: Cordas, pista polideportiva ou ximnasio, pandeiro, bancos, pelotas, canastras para balóns.

ORGANIZACIÓN ALUMNOS: Grupo-clase, individual, tríos, equipos.

CICLO: **SEGUNDO**

NIVEL: 3º -4º

OBXECTIVOS:

1. Adapta-la velocidade á dos demais tendo en conta a distancia.
2. Desenrolalo sentido da lateralidade en si mesmo e nos demais, en estático e en movemento.

TÉCNICAS ENSINO:

Semidefinidas: Descubrimento. Definidas:

ANIMACIÓN:

- **“ O PAXARO BUSCA GAIOLA “:** Por tríos, dous danse a man formando unha especie de gaiola, e no interior está o outro compañeiro, o paxaro. Hai un libre sen gaiola. Ó sinal as gaiolas ábrese e hai que buscar outra nova. Cambio de rol.
- **“ O MAREMOTO “:** Tódolos alumnos libres polo espazo. As catro esquinas correspóndense con zonas determinadas: mar, praia, barco, terra. Ó nomear unha das zonas, deben ir alí o antes posible. Á voz de maremoto, deben ir a unha zona segura para non afogar.

PARTE PRINCIPAL:

- Por parellas, correr gardando unha distancia fixa. (Sen tocarse, á pata coxa, a saltos, etc...).
- Por parellas, un conduce unha pelota andando e trata de non tocar ó compañeiro que lle estorba. (Co pé esquerdo, co dereito, cos dous, correndo). Cambio de rol.
- **“ BUSCA O SON “:** Os alumnos desprázanse pola pista cos ollos tapados. Ó oír un son (producido por pandeiro, chiflo , palmada ou voz) van cara a el.
- Carreira de obstáculos. Grupos de sete. Distribuí-lo material polo espazo facendo un percorrido de obstáculos. Ó sinal, saen os primeiros de cada grupo, realizan o percorrido e dan o relevo.
- **“ O METE PELOTAS “.** Grupos de sete. Cada grupo cunha caixa dos balóns e sete pelotas, unha para cada membro do grupo. Hai que encestar e cada acerto vale un punto. ¿ Quen mete máis ? Admítense como variantes, partidas a vintecinco puntos, a tres minutos de duración, etc.

VOLTA Á CALMA:

- **“ A ÁRBORE DE OUTONO “.** Somos árbores e estamos no outono. O tronco dobra lentamente. van caendo as follas, brazos e pernas, ata caer no chan, tombados...permanecerase en silencio uns segundos.